

	Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
	UNIT 3: GEOSPHERE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica				
- h - o	B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	- CCL - CMCCT	
- b - e - f - g - h - m - o	- B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. - B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	- CD - CAA	
			BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	- CD - CCL	
			BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	- CAA - CCL	
- b - f - g	- B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. - B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.	B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	- CMCCT - CSC	
			BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	- CSIEE - CMCCT - CAA	
	Bloque 2. A Terra no universo				
f	B2.1. Principais modelos sobre a orixe do Universo.	B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	CMCCT	

	Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO UNIT 3: GEOSPHERE			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- f - l	- B2.2. Compoñentes do Universo. - B2.3. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes. - B2.4. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia.	B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	CMCCT
f	B2.5. Os planetas no Sistema Solar.	B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	CMCCT
f	B2.6. O planeta Terra: características.	B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	CMCCT
f	B2.7. Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.	B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	CMCCT
			BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	CMCCT
f	B2.8. A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.	B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	CMCCT
			BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	CMCCT

	Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO UNIT 3: GEOSPHERE			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f ▪ g ▪ n ▪ ñ	▪ B2.9. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades. ▪ B2.10. Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia.	▪ B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica e a xestión sustentable.	▪ BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.	▪ CMCCT ▪ CAA
			▪ BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	▪ CCEC
			▪ BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	▪ CSC
▪ f	▪ B2.11. A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.	▪ B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	▪ BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.	▪ CMCCT
			▪ BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.	▪ CMCCT
			▪ BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ m	▪ B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	▪ B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	▪ BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ f ▪ m	▪ B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	▪ B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	▪ BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	▪ CSC

	Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO UNIT 3: GEOSPHERE			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B2.13. A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.	▪ B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	▪ BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	▪ CMCCT
▪ f ▪ m	▪ B2.14. A auga na Terra. Auga doce e salgada. ▪ B2.15. Ciclo da auga. ▪ B2.16. A auga como recurso.	▪ B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	▪ BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	▪ CMCCT
▪ a ▪ f ▪ g ▪ m	▪ B2.17. Xestión sustentable da auga.	▪ B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	▪ BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ f ▪ m	▪ B2.18. Contaminación das augas doces e salgadas.	▪ B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	▪ BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	▪ CSC
▪ f	▪ B2.19. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.	▪ B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	▪ BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	▪ CMCCT
	Bloque 5. Proxecto de investigación			
▪ b ▪ c	▪ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.	▪ B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	▪ BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	▪ CAA ▪ CMCCT
▪ b ▪ f ▪ g	▪ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.	▪ B5.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación, e a argumentación.	▪ BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	▪ CAA ▪ CCL

	Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO UNIT 3: GEOSPHERE			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	▪ B5.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	▪ B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención.	▪ BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	▪ CMCCT ▪ CD
▪ a ▪ b ▪ c	▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	▪ B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	▪ BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ o	▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	▪ B5.5. Expór e defender en público o proxecto de investigación realizado.	▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD
			▪ BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	▪ CCL ▪ CCEC